

2.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 7: Os mil sobriños de Carolo

Actividade 1

Enunciado: Le e rodea os artigos.

A nena ten un oso de peluxe, unha corda, uns coches e monecas. O caixón onde están os xoguetes é de madeira.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza todos os artigos presentes nun texto.	Localiza case todos os artigos presentes nun texto.	Comete tantos erros como acertos ao localizar os artigos dun texto.	Comete máis erros que acertos ao localizar os artigos dun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece artigos.

Le de forma comprensiva e expresiva un texto escrito.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 2

Enunciado: Une con frechas.

o • ————— • bolígrafo

os • ————— • castañas

as • ————— • balóns

un • ————— • camiseta

unha • ————— • zapatos

uns • ————— • pantalón

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre concorda correctamente o artigo co substantivo.	Comete menos de tres erros ao concordar o artigo co substantivo.	Comete entre tres e catro erros ao concordar o artigo co substantivo.	Comete mais de catro erros ao concordar o artigo co substantivo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda artigos con substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 3

Enunciado: Completa con c ou z e escribe unha oración con cada palabra.

céntimo

zapato

zurcir

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece con corrección o uso de c e z para representar o son z e aplícao nos seus escritos.	Coñece con bastante corrección o uso de c e z para representar o son z e aplícao nos seus escritos.	Coñece de forma básica o uso de c e z para representar o son z e cústalle aplicalo nos seus escritos.	Non coñece con corrección o uso de c e z para representar o son z nin o aplica nos seus escritos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o uso de **c** e **z** para representar o son **z**.
Escribe palabras co son **z**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender

Actividade 4

Enunciado: Escribe o ditado.

Os zapatos de Azucena que están encima da caixa son máis grandes ca os de Celia.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre escribe ao ditado de forma correcta.	Case sempre escribe ao ditado de forma correcta.	Cústalle escribir ao ditado de forma correcta.	Non escribe ao ditado de forma correcta.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Escribe palabras co son **z**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 5

Enunciado: Le e contesta.

O esquío é un roedor que vive nas árbores. Posúe dentes fortes. Mide ata 25 centímetros e ten unha cola longa e peluda coa que manter o equilibrio. Salta ata cinco metros. O seu alimento principal son as sementes pero tamén comen insectos e froitas.

- De que animal fala? **Dun esquío.**
- Como son os seus dentes? **Fortes.**
- Que come? **As sementes, algúns insectos e froitas.**
- Canto pode chegar a saltar? **Ata cinco metros.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Extrae correctamente a información dun texto informativo.	Extrae con bastante éxito a información dun texto informativo.	Cústalle extraer información dun texto informativo.	Non é capaz de extraer información dun texto informativo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.
Extrae información textos informativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Risca o anuncio que non vale e explica por que.

BUSCO CAN SE ME PODES AXUDAR CHÁMAME. Pelo curto e Chamar polas tardes	BUSCO CAN DE COMPAÑA DE TAMAÑO MEDIANO, PELO CURTO E CARIÑOSO Teléfono de contacto: 988 88 78 77
---	--

Porque non aclara como é o can, a quen ten quen avisar se o atopa, cal é o número ao que ten que chamar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Analiza correctamente a información dos anuncios.	Analiza con bastante corrección a información dos anuncios.	Cústalle analizar a información dos anuncios.	Non analiza a información dos anuncios.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica a información dos anuncios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Le e rodea os artigos.

A caseta do can é bonita e está moi preparada. **O** tellado é impermeable e **as** paredes están pintadas cunha cor gris clara. Está debaixo dunha árbore para protexela da calor.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza todos os artigos presentes nun texto.	Localiza case todos os artigos presentes nun texto.	Comete tantos erros como acertos ao localizar os artigos dun texto.	Comete máis erros que acertos ao localizar os artigos dun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece artigos.

Le de forma comprensiva e expresiva un texto escrito.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Completa con artigos.

O neno ten **un** balón moi bonito e come **un** bocadillo e **unha** froita moi tranquilo. Leva **unha** camiseta azul, **un** pantalón curto e **uns** zapatos de pel.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre concorda correctamente o artigo co substantivo que acompaña.	Comete menos de tres erros ao concordar o artigo co substantivo que acompaña.	Comete entre tres e catro erros ao concordar o artigo co substantivo que acompaña.	Comete mais de catro erros ao concordar o artigo co substantivo que acompaña.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda artigos con substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 9

Enunciado: Escribe o nome.



cinto



zocos



mazas



cereixas

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente palabras co son z .	Comete un erro ao escribir palabras co son z .	Comete tantos erros como acertos ao escribir palabras co son z .	Comete máis erros que acertos ao escribir palabras co son z .

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe palabras co son **z**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 10

Enunciado: Ditado.

Cecila, a rapaza que leva o lazo azul escuro, come cereixas e bebe zume de cenoria acabado de facer.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre escribe ao ditado de forma correcta.	Case sempre escribe ao ditado de forma correcta.	Cústalle escribir ao ditado de forma correcta.	Non escribe ao ditado de forma correcta.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Escribe palabras co son **z**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía